

O Exmo. Concello
de Lugo, co fin de elixir
o cartel anunciador do
programa infantil San Froilanciño
2010, convoca o PREMIO DE
DESEÑO GRÁFICO "SAN
FROILANCIÑO 2010", de
acordo coas seguintes

BASES:

- 1** Poderán concorrer cantos rapaces o desexen, menores de 15 anos, con traballos de técnica libre, presentando cada un cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais. Este ano 2010, no que se celebra o décimo aniversario da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade, o motivo xirará arredor deste monumento.
- 2** Os deseños contribuirán a enxalar a cidade de Lugo e súas festas patronais de San Froilán. Deberán incluír o texto: LUGO, SAN FROILANCIÑO 2010.
- 3** O autor do deseño que resulte gañador recibirá un premio consistente nun agasallo adecuado á súa idade.
- 4** O cartel seleccionado quedará en poder do Exmo. Concello de Lugo, que poderá reproducilo no tempo e maneira que estime oportunos. Os carteis presentados poderán ser expostos ó público.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. Os autores renuncian a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor para incluílo no seu currículum.
- 5** A entrega de orixinais, por correo ou persoalmente na Sección de Cultura do Concello de Lugo, poderase efectuar entre o mércores 28 de abril e o venres 28 de maio, ata as 14:30 horas.
- 6** Os traballos deberán ser presentados de maneira anónima, con lema, acompañando un sobre co mesmo lema no exterior, e dentro os datos do participante, tales como nome, apelidos, enderezo e teléfono.
- 7** Os carteis terán as dimensións dun DIN A-4 (21 x 29,7 cm) como mínimo, e deberán entregarse montados sobre cartón pluma ou soporte ríxido. Non se admitirán os presentados con cristal.
- 8** O xurado estará formado por persoas cualificadas na materia.
- 9** As obras non premiadas devolveranse ós autores que o soliciten nun prazo dun mes a partir do conocemento do ditame do xurado. Os orixinais que non fosen reclamados serán destruídos sen que sexa admisible recurso ningún sobre esta resolución.
- 10** Os participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases, e o gañador do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto, para o cal será convocado oportunamente.
- 11** Os participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas, e renuncian a toda reclamación por dereitos de imaxe.
- 12** O simple feito da presentación ó concurso supón a plena aceptación destas bases.

Concurso do
CARTEL anunciador
SAN FROILANCIÑO
2010



Concello de Lugo
Concellería de Cultura
e Turismo

10
LUGO
muralia
muralia
muralia